



ROTEIRO POR CASTRO DE REI

CASTRO DE VILADONGA –RÍO AZÚMARA- MONTE DA ESCRITA



Principiaremos a xornada cunha visita guiada ao **Castro de Viladonga** e ao seu museo anexo. Neste castro da época tardorromana apareceu o torques que os **Amigos da feira de Castro de Rei**, promotores da ruta do Azúmara, tomaron como símbolo da mesma. No castro, iniciaremos a andaina polo **Monte do Cordal** desde o que hai unha ampla panorámica da Serra de Meira e do Pedregal de Irimia. Atravesando o **Monte das Penas** irémonos achegando ás beiras do **Río Azúmara**. Avanzando pola súa ribeira chea de bidueiras poderemos ver a grandiosa **Pena de Padorne**. No lugar de **Monelos** deterémonos a contemplar a **casa murada de Portas** e un muiño. Atravesando o río pola Ponte de Lastra chegaremos á **Mina de Arsénico**, hoxe sen explotación pero moi relevante para a economía local na metade do século pasado. Seguindo a ruta chégase ao **Muiño de**

Prado e finalmente remátase en **Castro de Rei**. A ruta está salpicada con referencias a varios escritores vinculados á comarca: Manuel María, Marica Campo, Avelino Díaz, Lois Diéguez, Díaz Castro, etc.

Lonxitude: 8 km, de dificultade baixa. *Opcional (+ 3 km): ADEGA propón realizar ao final do día o *via crucis* que conduce á estatua do Sagrado Corazón, en plena **Serra da Escrita** desde onde se contempla unha das panorámicas máis fermosas da Terra Chá. Este engadido de 3 km máis será opcional.

DOMINGO, 29 de NOVEMBRO de 2015

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.
Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

Leva roupa e calzado axeitados (impermeable) e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

13 Decembro: Castro de Corvazal- Lugo
24 Xaneiro: Castro de Remonde- Palas de Rei
21 Febreiro: Castro de Goo - O Incio
13 Marzo: Castro de Cervantes

17 Abril: Castro de Fazouro- Foz
22 Maio: Castro de Espasante- Ortigueira
26 Xuño: Castro de Baroña- Porto do Son

ruta do Azúmara

